



MULLERES E COMUNICACIÓN

! ÁUREA SÁNCHEZ
Xornalista de TVE

Somos as mulleres da Comunicación. As que contamos o que sucede e o que deixa de suceder. Tamén temos algunhas cousas caladas que sabemos que ocorreron, ocorren e poden seguir ocorrendo. Voan as novas arredor de nós. Algunhas introducesenos no ordenador e témolas que limar para que non pareza que desentoamos co resto da profesión. E ¿Por que non queremos desentoar? At esta a cuestión fundamental da que xa falaremos.

Estamos na televisión, na radio, na prensa e na publicidade. Facemos todo o posible para que o proceso informativo se complete, desde o emisor ó receptor, tal como nos veu sendo descuberto polos ilustres teóricos.

Hai unhas que facilitan o son e a imaxe nos medios audiovisuais, a través das ondas terrestres, via satélites, etc. Hai outras que gravan imaxes e sons coa cámara ou magnetofón; hai fotografías. Tamén están as que escriben o discurso da mensaxe, as que deseñan, realizan e producen programas. Todas somos moitas e debemos falar dos temas que nos unen. ¿Ou non temos obxectivos comúns? As que digades "si, temos obxectivos comúns" debedes estar alerta porque seredes chamadas a unha misión importante na historia da profesión.

Temos un proxecto novedoso entre mans que abranque a tódala Galicia. Porque as profesionais dos medios de comunicación queremos debatir sobre as circunstancias que condicionan e as que facilitan o labor da muller tanto fora coma dentro das empresas. Esta asociación non é so de xornalistas, senon de todas as que participan do proceso informativo.

As veteranas serán moi apreciadas pola experiencia que aporten; as que leven menos tempo poden ofrecer ideas frescas; e as que se esteán achegando a profesión revelaranos outra forma de entender os problemas dentro dos medios e fóra deles. Porque, en definitiva, o que queremos é mellorar a condición da muller ó tempo que melloramos a comunicación en todos os ámbitos.

Todas e todos nos beneficiamos con que se cumpran os obxectivos que se marca a Asociación MULLERES E CO-

MUNICACIÓN. Non podemos dar volta ó mundo, (ou si), pero poida que fagamos xirar ó redor de nós moitos acontecementos. Cunha meta clara: a tolerancia, pero nunca a submisión. As cousas polo seu nome; co seu xénero, co seu calificativo máis definitorio. Son mulleres e homes os destinatarios e habemos de escribir e tratar os temas como é debido; con códigos que se están a perfilar agora e que son unha demanda desde hai tempo.

¿Coidades cantas veces reproducimos xestos, accións e decisións que son unha copia do masculino, do que nos vén dado; sen cavilar en que hai outras opcións para afrontar as situacións? ¿Non coidades que nos rexemos por esquemas vellos?

Se temos que nacer de novo renaceremos cun cambio que nós mesmas habemos de por en marcha. A velocidade e a profundidade do cambio están nas nosas mentes. E unha revolución silenciosa, si, case que de boca a oído directamente, pero necesaria.

Temos que agradecer a tantas mulleres e a tantas organizacións feministas deste século que nos trouxeron ate aquí. Sen o movemento feminista e sen moitas mentes preclaras que nos foron abrindo o camiño non sería posible esta asociación.

Por iso queremos contar con algunhas das destacadas escritoras, investigadoras e profesoras, amais de afamadas xornalistas; porque co seu exemplo fixeron que tanto mudara de pouco para acó a consideración da muller na sociedade e tamén para que a muller se dera conta de que é a protagonista da máis grande revolución social neste século no mundo chamado industrializado. ->